

## I Semana de Lugo en Buenos Aires

Relata Manuel Rodríguez López, habitual colaborador de «Praza Maior», as suas impresións desta viaxe á Arxentina. Segundo o articulista, «sería interminable transcribir las reacciones animicas dos galegos de Buenos Aires que vibraron coa presencia dos lugueses». Un emigrante de Taboada comentouille, despois do recital ofrecido polo grupo Brath: «non morrería contento sen ver isto». Outros atopáronse coa terra que soñaron durante tantos anos.

### Informe da Alcaldía

mo, con información imparcial para «Praza Maior», el periódico municipal lucense, acudió en representación del mismo el escritor y colaborador de prensa D. Manuel Rodríguez López.

Al buen juicio y profesionalidad de todos ellos se somete la organización, así como —naturalmente— a cuanto publicó la prensa, radio y televisión argentinas. Los medios con sus informaciones, podrán mucho mejor que cualquier valoración política, enjuiciar el triunfo o el fracaso de una iniciativa, de una realización. Y estoy seguro que el examen detenido del contenido de las informaciones dejará muy claro el resultado. Lo que no es lógico ni justo es juzgarlo, como ha hecho parte de la oposición desde Lugo, sin haber querido participar, y sin haber seguido, por lo tanto, punto a punto, acto a acto, lo que allí aconteció. Los periodistas allí presentes son quienes han de informar y juzgar.

#### ACLARACIONES

Hablé al principio de dificultades y de los problemas que toda acción de organización conlleva. Dificultades y problemas de toda acción, incluso la informativa. Y lógicos desajustes. A esos desajustes informativos quiero referirme, aunque sea de pasada, porque estimo que a los propios medios y periodistas interesa ante todo claridad y veracidad.

—Los gastos derivados del retraso en la partida de Río de Janeiro hacia España no corrieron ni correrán a cargo del Ayuntamiento de Lugo. La organización técnica se hizo cargo de los mismos, como consta a cuantos participaron en la expedición.

El transporte de los cuadros no ocasionó —como se publicó— un coste de 800.000 pesetas al Ayuntamiento de Lugo. Iberia dio un tratamiento espe-

cialísimo a toda la carga enviada a Buenos Aires.

—Se habló en alguna información de «nula atención por autoridades oficiales e incluso de las importantes sociedades gallegas en Argentina». Dicha información no apareció firmada por ningún enviado especial a la «Semana».

—El arqueólogo Sr. Colmenero habló en gallego, y ante un muy numeroso público. Y se ganó un fuerte aplauso al preguntar si les parecía adecuado a los asistentes que les hablaran en gallego.

—Ni un solo ejemplar de Praza Maior o del resto de las publicaciones municipales envias das volvió a Lugo. Todos los ejemplares llevados a Buenos Aires fueron repartidos allí.


—El Ayuntamiento no tuvo ni la más mínima relación con la agencia de viajes Longueira. Su única relación lo fue con Viajes Meliá para la organización técnica.

—El pulpo consumido en Buenos Aires con motivo de esta Semana era gallego y no chileno. Un total de 750 kilos fue el peso del pulpo allí enviado.

• • •

Son, únicamente, pequeños matices que es menester aportar para que la imagen de la Semana de Lugo en Buenos Aires quede, en Lugo, suficientemente clara.

Y, naturalmente, sobre cualquier aspecto de la Semana, atenderé personalmente a cualquier compañero del Pleno Municipal, o representante de medio informativo que deseé formular las preguntas que estime oportunas sobre los actos que motivaron a las autoridades argentinas a declarar la Semana como «De interés Turístico» (Secretaría de Turismo de la Presidencia de la Nación), y «bajo el auspicio de la Municipalidad de Buenos Aires».



VEGA



VEGA


## Impresións da Semana de Lugo en Buenos Aires

MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

Sen lugar a dúbida a celebración da «Semana de Lugo en Buenos Aires» foi un acerto a pesar dos desaxustes de organización, que realmente se deron como acostuma a suceder en xuntanzas de tamaña envergadura. Bieito Cupeiro, «un home representativo da colectividade galega» —segundo o calificou a cantante de «Campanas de Bastabales», Graciela Pereira— deixouno patente nas súas declaracions. Emocionado pola presencia da embaixada luguesa presidida polo alcalde Vicente Quiroga, ante os actos culturais exentos de folclorismo fácil, el, que viviu dende novo na emigración

desconectado da realidade actual de Galicia, reconeceu que a delegación luguesa lle ofrecía a mensaxe sincera e auténtica dun pobo que está a rexurdir e confesounos a súa satisfacción ó comprobarlo labor cultural desenvolvido polo Consello de Galicia e que está a rematar o libro «A Galicia Ideal», grazias á «Semana de Lugo en

«Patín-Show», demonstración homenaxe á embaixada de Lugo en Buenos Aires. O alcalde de Lugo entrega un talón de 1.200.000 pesetas ó director do Fogar galego de Anciáns, recadadas na venda de produtos lugueses. Abaixo, recital de Brath.



VEGA

## III Semana de Lugo en Buenos Aires

A situación de Sudamérica é dura. As xubilacións baixas. Moitos galegos enriqueceronse; pero os máis, viven humildemente. Voltar á aldea que abandonaron hai 30, 40 ou 50 anos, é vedado. «Acordeime moitas veces de todos vostedes, pero sempre me foi imposible viaxar a Galicia. Chorei moi, seguro», dixo Avelina López, de 76 anos; sentíase feliz no rebumbio de Olivos que lle lembraba as festas do seu lugar natal.

### Impresións da Semana

Buenos Aires», reencontrouse coa Terra que el soñou longos anos.

Sería interminable transcribir las reacciones animicas dos galegos de Buenos Aires que vibraron coa presencia dos lugueses. No Centro Gallego achegúosema Sánchez Millares, director da colectividade desde 1943 e presidente en dúas ocasións, para que lle presentase a Xulio Gíz, admirado pola presentación que fixo en galego dos actos celebrados no Teatro Castelao rebordante de público.

En Olivos, durante a actuación do Grupo Folk Brath ante varios miles de personas que seguían con vivo interese o concerto, Nilo, un emigrante de Taboada, dixome: «Non morrería contento sen ver isto e Marcelino, un home do Páramo, bisbitooume ó oido cos ollos cheos de bágoas: «Yo tengo 62 anos e vine a los cinco. Escucho esto y se me pone la carne de gallina».

Daniel Alexandre Pazos, neto de Manuel Pazos que emigrou a Buenos Aires o ano 14 e foi presidente do Centro Pontevedrés, e Eduardo Andrés Sisto, bisñoño do famoso gaiteiro Aurelio Sisto, ámbolos dous pertencen ó Grupo Folk «Xeito Novo», falan un galego enxebre e non perderon ocasión de contactar cos lugueses. O Eduardo ainda non coñece Galicia. O Daniel tivo a sorte de visitala o ano 78. «Este contacto —dixonos— é impagable, é como palpa-la nosa Historia».

Nas espaciosas instalacións recreativas de Campo Galicia, en Olivos, segundo os organizadores, xuntáronse 10.000 persoas, a maioría para agasallar e confraternizar cos familiares chegados de Lugo. Con seguridade, aquela romaría galega perdurará no recordo dos irmáns galegos bonaerenses para sempre. A maioría deles, xa vellos, quizais non volvan a ter outra ocasión semellante para contactaren cun grupo tan numeroso de xentes do seu país de orixe. A situación en Sudamérica é dura. As xubilacións baixas. Moitos galegos enriqueceronse; pero, os máis, viven humildemente. Voltar á aldea que abandonaron hai 30, 40 ou 50 anos, é vedado. Avelina López, de 76 anos, sentíase feliz no rebumbio de Olivos que le lembraba as festas do seu lugar natal e, con deixio arxentino, dixo: «acordeime moitas veces de todos vostedes, pero sempre me foi imposible viaxar a Galicia. Teño moitas ganas de velos. Chorei moi, con toda seguridad».

E Mercedes afírmou: «erro meirando da nosa vida foi vir a Arxentina». Recóñezo que a valoración da «Semana de Lugo en Buenos Aires non se pode basear en anécdotas, inda que son un termómetro axeitado para amosar-en a calor con que os galegos de

Buenos Aires recibiron ós irmáns de Lugo. Sen embargo é patente que moitos perderon as súas raíces porque, afortunadamente, xa non lles chega nova seiva emigrante. Por iso concordo plenamente coa declaración que me fixo Luis Cordeiro. «Esta iniciativa foi altamente positiva, pero ten que ser repitida por outras institucións, fundamentalmente pola Xunta de Galicia, para que, con esa continuidade, se poída obter obxectivos duradeiros e con proxeción de futuro».

#### EMOCIONES E MÁGOA


O ambiente entre os participantes na «Semana de Lugo en Buenos Aires» era de expectativa durante a viaxe. Pouco a pouco fórondose creando amizades e soubemos de casos insolitos coma o dun compaño que ía coa illusión de coñecer a súa nai, emigrante cando el tiña só un ano de idade; o do señor López, xubilado de Correos, que levaba a idea de pasar unha tempada cabo dos irmáns, un dos cales tampoco coñecía; outros, coma Luis Fernández, Xosé Rodríguez e Nemesio Prada, viaxaban coas súas donas por razóns turísticas e o doutor Xosé Vera e Manolita García, que horas antes de sair de Lugo contraeran matrimonio, disfrutaban da viaxe de «úa de mel». Para os máis, sen embargo, o obxectivo principal era visitar ós seus.

A chegada ó aeroporto de Ezeiza, sobre todo para os que estamos afeitos á emoción do encontro cos nosos porque sufrimos a diáspora desde nenos, foi indiscritible. Atopámonos diante de ollos esculturais, con cartóns nas mans escritos con grandes riscos para se identificaren, a euforia do encontro manifestada en longas apretas entre irmáns, sobrinos, netos, curmáns, moitos dos cales endexárnos se viran... tanta regalia compensaba a longa viaxe e incluso a mágoa de nos atopar cunha cidade —noutrora activa e reborante de progreso— baradona na década dos cincuenta, coas rúas en pleno desleixo, construccions sen rematar, medios de transporte antiguos, palpables mostras de subdesenvolvemento e patentes diferencias sociais.

#### NINGÚN LUGUÉS SE SENTE ALLO A ESTA TERRA»

A recepción oficial no palacio municipal de Buenos Aires foi un acto amigoso e sínxelo. As autoridades da capital bonaerense e de Lugo, presididas polo intendentie provisional, Alberto

A festa de Olivos, no centro Galicia. Arriba a cara para o pulpo. Mais abaixo a misa celebrada durante a festa. A dereita actuación do grupo Brath



## III Semana de Lugo en Buenos Aires

No Centro Galego fixose unha ofrenda floral a Rosalía e Castelao. Luis Sobreira, vicepresidente do Centro, explicou a historia recente da organización: «Agora prácticamente xa non publicamos nada —explica referindose á pasada actividade editorial do Centro Galego—. Antes faciase porque en Galicia non se podía editar en galego. Agora non hai razón para iso, pois xa existen empresas dabondo na nosa terra que poden publicar libremente».

### Impresións da Semana

Fariña, é polo alcalde de Lugo, Vicente Quiroga, pronunciaron discursos e intercambiaron regalos para, a continuación, celebraren unha roda de prensa na que o réxedor lugrés expuso claramente cales eran os obxectivos da delegación por él presidida. Ás preguntas dos xornalistas arxentinos, interesados nas razóns da viaxe e polo sentir dos lugueses respecto á Arxentina actual, D. Vicente Quiroga, entre outras cousas, manifestou: «Ningún lugrés se sente aldeo a esta terra». «Buenos Aires é unha gran cidade. A municipalidade ten máis funcionarios ca habitantes Lugo para atender problemas infinitamente más complicados». Dende que estiven aquí no mes de maio, eu digo que Buenos Aires é a primeira provincia de Galicia, non a quinta». «Estamos totalmente de acordo co Goberno de Arxentina e, desde logo, condénamo-la actuación dos ingleses en canto se refire ás Illas Malvinas». «Eu creo que en España a impresión que hai neste momento sobre o doutor Alfonsín, co resultado das últimas eleccións e tal como leva a política, está dando un gran paso, deuño xa. O caso de Arxentina é similar, con diferentes matices, ó sistema democrático que temos en España, sen problemas e sen loitas».

#### CENTRO GALICIA

O Centro Galicia de Buenos Aires, como explicou o presidente da entidade no acto de recepción celebrado na sede social, creouse o 25 de xullo de 1979 coa fusión da Asociación Galega (formada polos centros Coruñés e Pontevedrés), o Centro Lugués, o Centro Ourenseño e outras entidades. A actual sociedade, que se ubica no antigo Centro Lugués, ten 22.000 socios e consta de instalacións moi dignas cun patrimonio —Biblioteca «Rosalía de Castro», Pinacoteca, Esculturas de Curros, Lamas Carvajal, Castelao e Bóveda, pertenzas persoais de Castelao— de gran interese. O Salón Teatro «Valle-Inclán», a Galería de Arte «Galicia», o Bar Social e o Campo Galicia, en Olivos, con canchas de tenis, polideportivo, ximnasio, piscinas, salóns de recreo, de baile e espaciosas zonas verdes, son unha mostra da gran vitalidade dos gallegos bonaerenses que «possibilitaron obra tanha» —dixo o señor Avelino García, presidente da institución— e que nós témo-la obriga moral de manter e acrecentar. Por iso é para nós —súliñou— unha dobrada satisfacción recibila a delegación luguesa da Galicia territorial na Galicia emigrada.

O alcalde Vicente Quiroga, tras presentar á comitiva oficial, agradeceu ós gallegos de Arxentina canto fixeron

por Galicia en momentos difíciles. «Vós —afirmou— conserváste-lo espírito da galeguidez da Patria Galega e desenvolvéste-la nosa cultura cando en Galicia non se podía facer».

#### ACTIVIDADES CULTURAIS

O programa cultural ofrecido polos organizadores lugueses no Centro Galicia foi abondoso e vario. No Salón Ochaval do Banco Popular, Adolfo de Abel Vilela, delegado de Cultura da Xunta de Galicia, presentou unha mostra de pintura contemporánea de 17 artistas lugueses. O señor de Abel Vilela destacou a importancia dos intercambios culturais e lembrou que, precisamente, foi o Centro Lugués quem por primeira vez organizou unha mostra de pintores arxentinos de avangarda no Museo Provincial de Lugo.

Na Galería de Arte «Galicia» inauguraronse as exposicións fotográficas «Anxel Fole» e «Lugo, onte e hoxe», de Xosé Luis Vega Fernández e os paneis «La provincia de Lugo en imágenes», promovida pola Excma. Deputación de Lugo.

No Teatro «Valle-Inclán», Vicente Quiroga presentou «Praza maior; Alfredo Sánchez Carro «Lugo y su Muralla», de Xosé Trápero Pardo; Xulio Gíz «Os Escritores Luguenses Arredor de Fole» e Adolfo de Abel Vilela falou sobre «Lugo, 2000 años después», que foi unha brillante exposición dos feitos históricos de Lugo, dende a súa fundación ata o momento actual, ilustrada por 80 diapositivas.

No mesmo lugar, o último dia, nun ambiente galeguista xa moi superior e con masiva concurrencia de público, Antonio Rodríguez Colmenero pronunciou a conferencia «Lugo Romano, a la luz de las últimas excavaciones». Antes do seu parlamento, o profesor Colmenero ofreceuse a falar en castelán ou galego segundo preferise a audiencia. As preferencias polo idioma galego foron masivas.

Tamén se inaugurou en Campo Galicia, en Olivos, a exposición «40 años de fiestas populares en Lugo», de Xosé Luis Vega, e puxérone á venda, a beneficio do «Hogar de Ancianos», da colectividade galega en Buenos Aires, as devanditas publicacións ademáis de «Anacos de Silencio», de Elio Caldeiro; «Galegos en Catalunya», deste cronista; o folleto «O San Froilán visto polos nenos», e a medalla cerámica «Castelao na Arxentina».

Estas son as manifesta-

Inauguración da exposición de fotografías da provincia de Lugo. Recital poético e o Alcalde de Lugo asinando no libro de ouro da Municipalidade de Buenos Aires, respectivamente



VEGA

VEGA

VEGA

## III Semana de Lugo en Buenos Aires

«Vós conservástedo lo espíritu da galeguide da Patria Galega, devolvéste-la nosa cultura cando en Galicia non se podía facer», dixo Vicente Quiroga cando, tras presentar la comitiva oficial, agradeceu ós galegos de Arxentina canto fixeron por Galicia en momentos difíciles. Quiroga asegurou por outra parte que «ningún lugués se siente alleo a esta terra. Buenos Aires é a primeira provincia de Galicia, e non como se dí, a quinta».

### Impresións da Semana

cións dalgúns dos protagonistas:

Alfredo Sánchez Carro: «Pretendemos que «Lugo y su muralla» dea a coñecer este gran monumento nacional. Toda cidade debe ter un monumento representativo e así como Pisa ten a súa torre, Nova York a Estatua da Liberdade, París a torre Eiffel, non hai a menor dúbida de que o emblema e o reclamo artístico de Lugo, é a muralha».

Xulio Gíz: «A exposición de Vega é unha mostra de como foi evoluindo a nosa cidade e de como se adaptou ós ritmos de hoxe. Nesas fotografías, Xosé Luis Vega deixou constancia da nosa Historia».

Vicente Quiroga: «A Praza Maior, que se atopa diante do Concello de Lugo, é o lugar de encontro de todos los lugueses, lugar de paseo, de tertulia. Nós queremos tamén que esta publicación sexa algúns xeito o lugar de encontro, das opinións do mundo da cultura, da política, da crítica e das discrepancias. Este número, do que Iles acabamos de facer entrega, vai adicado á «Semana de Lugo en Buenos Aires». E para nós representa tamén algo propio porque os galegos de Arxentina, non só os lugueses, senón tódolos nosos paisanos que viven acó, para nós son algo familiar, algo que forma parte do noso mundo e da nosa cidade».

#### CENTRO GALEGO

Os actos que se desenvolveron no Centro Galego acadaron gran relevo. Fixose unha ofrenda floral a Rosalía e Castelao, cantouse o Himno Galego, visitáronse as instalacións mutuas, asistímos no Teatro Castelao á presentación de libros e ás actuacións do Coro do Centro e do conxunto folclórico «Cantigas e Frores». Xulio Gíz fixo a semblanza de Elio Caldeiro, que leu poemas do seu libro «Anacos da Silencio», e a dese crónista, que presente «Galegos en Catalunya». En nome da institución, abriu o acto o vice-presidente 1º, Luis Sobreira, e pechouno o alcalde Vícente Quiroga.

O espacioso local ateigado de público, que repetidas veces deu vivas a Galicia seguidos de aplausos aveloados, semellaba un anaco de Galicia.

¿Quén mellor có propio Luis Sobreira, que ademais é presidente do Instituto Arxentino de Cultura Gallega, para nos informar do Centro Galego? El foi un dos que no ano 68 apoiou a candidatura de Xosé Alfonso Reboreda nuns momentos decisivos para a sociedade.

«O presidente Mourente —dinos— botámolo, nós porque pertencia a un grupo reaccionario. Era, máis ben, de sentimentos antigalegos, inda que presidia sociedades galegas. Pretendía

facer un feixe con tódalas sociedades galegas e españolas e crear unha soa institución, unha especie de imperio español trasladado a Arxentina, e nós gañámolo-las eleccións. A Reboreda —segue explicando o señor Sobreira— sucedeuno Sánchez Millares, que foi presidente en dúas ocasións e agora é vice-presidente do Instituto.

Lembrolle a importante actividade editorial desenvolvida noutrora polo Centro Galego e clareza.

«Prácticamente xa non puéblicamos cousa. Antes facíase porque en Galicia non se podía editar en galego. Agora non hai razón para iso, pois xa existen empresas de abondo na nosa Terra que poden publicar libremente. O Instituto é a parte cultural do Centro Galego.

Referente ás funcións prioritarias da institución, engade:

«O 98% do Centro Galego é mutualidade. Ten un gran sanatorio e un seguro de saúde para uns 75.000 socios ós que Iles cubre todo canto se refire a súa saúde dende que nacen ata que morren e, despois de mortos, en Chacarita, teñen dereito a un nicho durante cinco anos».

#### HOGAR GALLEGO PARA ANCIAÑOS

En Domselaar, partido de San Vicente, a 55 Kms. da capital bonaerense, atópase o «Hogar Gallego para ancianos», fundado no ano 1943.

O edificio, acoller, con modernas instalacións e 35 hectáreas de terreo, acolle a 48 galegos e a outros tantos xubilados de diferentes oríxens. Un cruceiro preside a institución e a arquitectura do edificio, cun ben coñido xardín no centro a xeito de claustro é «acorde e humanizada nunha zona integrada na paisaxe onde se pode vivir sentíndose libre», segundo a correcta apreciación de D. Vicente Quiroga, que se interesou polo mítido da situación dos ancianos.

As donas dos directivos serviron un xantar de irmadade e, ó remate, actuaron os gaiteiros e grupos de baile de «Cantigas e Frores», que se viron compensados da fogaxe ambiental polo agarimo de tódolos presentes.

A institución fixo entrega dunha artística placa ó alcalde de Lugo, Vicente Quiroga, obra do orfebre Arturo Raposeiras, de Campo Lameiro (Pontevedra), continuador da tradición dos prateiros galegos no Río da Plata.

**Presidencia da actuación de Cantigas e Frores. Ofrendas florais a Rosalía e Castelao e os informadores enviados especiais desde Lugo: Dolores Cela, Manoli Pico e Angeles Maira, no Centro Galego de Buenos Aires**

